

Galitzia, 21 de setembro de 1916

Querida filla:

Non sei cando che chegará isto que che estou escribindo, pero teño boas noticias, gañamos e parte do escuadrón estamos retornando aos nosos fogares, non sei cando chegaremos. Teño moitas gañas de verte, estou máis que farto de loitar polo meu país. Tiven moita sorte nesta loita, mentres que a maioría dos meus camaradas que estiveron ao meu lado no fronte morreron ou quedaron con danos irreversibles, eu estou intacto, aínda que con algún pequeno corte que outro, pero isto non é nada comparado co que presenciei e nunca poderei olvidar.

Cando era a hora de saír das trincheiras, vía as caras dos meus compañeiros, a maior parte no seu rostro reflexaba un medo que nunca antes tiveran, eu incluído, e unha moi pequena parte desexosa de defender o seu país dando a súa vida. Parecían ignorar que ían directos cara á morte. Cando saías das trincheiras había partes de soldados voando polos aires, un ruído noxento, gritos de dor e sufrimento constantes e un formigueo recorríache as costas como se en calquera instante che fora a impactar metralla no corpo e te foras a ir ao outro mundo sen despedirte dos teus seres queridos.

Espero con ansías a túa resposta, e que me digas como van as cousas por alí, ademais saúda ao sacerdote da miña parte e unha aperta para todos meu amor.

Nikolai